



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|--|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2016/17 |
| Asignatura (*) | Traballo fin de máster | Código | 615472102 | |
| Titulación | Mestrado Universitario en Migracións Internacionais: Investigación, Políticas Migratorias e Mediación Intercultural | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Mestrado Oficial | 2º cuatrimestre | Primeiro | Obrigatoria | 10 |
| Idioma | CastelánGalegoInglés | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Análise Económica e Administración de EmpresasDereito PúblicoPedagogía e DidácticaSocioloxía e Ciencia Política da Administración | | | |
| Coordinación | Golías Pérez, Montserrat | Correo electrónico | montserrat.golias@udc.es | |
| Profesorado | Brandariz Garcia, Jose angel Cobo Bedía, Rosa Depalma Ungaro, Renee Golías Pérez, Montserrat Lamela Viera, Maria del Carmen Martínez Buján, Raquel Novo Corti, Maria Isabel Perez Carames, Antia Taboadela Alvarez, Obdulia Varela Candamio, Laura | Correo electrónico | jose.angel.brandariz@udc.es rosa.cobo@udc.es r.depalma@udc.es montserrat.golias@udc.es carmen.lamela@udc.es raquel.bujan@udc.es isabel.novo.corti@udc.es antia.perez@udc.es obdulia.taboadela@udc.es laura.varela.candamio@udc.es | |
| Web | www.esomi.es | | | |
| Descrición xeral | Esta guía corresponde ao exercicio de elaboración e defensa pública dun traballo fin de mestrado, de carácter obrigatorio, segundo o RD 1393/2007 sobre o ordenamento das ensinanzas universitarias en España. O seu valor en créditos ECTS é de 10. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A1 | Comprender os límites epistemolóxicos do estudo das migracións internacionais e a natureza esencialmente política que sostén a definición e identificación do fenómeno migratorio. |
| A6 | Dominar as principais fontes de documentación estatística e bibliográfica que lle permita manterse informado e iniciar e programar estudos exploratorios sobre temáticas relacionadas coas migracións internacionais |
| A7 | Coñecer as virtudes e as limitacións das principais fontes e indicadores estatísticos para a descrición dos movementos migratorios en distintos contextos territoriais e na súa evolución temporal |
| A8 | Comprender o potencial das distintas técnicas de investigación social para o estudo das migracións internacionais así como os condicionamentos deontolóxicos profesionais. |
| A9 | Manexar os conceptos fundamentais no estudo das migracións internacionais |
| A10 | Coñecer suficientemente os autores e traballos de maior relevancia académica e profesional |
| A11 | Ter suficiente capacidade de abstracción para presentar o fenómeno migratorio dende unha perspectiva macro-sociolóxica e na súa relación máis ampla coa estrutura social e o mercado de traballo |
| B1 | Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación |
| B3 | Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos |
| B8 | Comunicarse de xeito efectivo nun ámbito de traballo |
| B12 | Capacidade para interpretar, seleccionar e valorar conceptos adquiridos noutras disciplinas do ámbito social |
| B14 | Comunicar por escrito e oralmente os coñecementos procedentes da linguaxe científica |



| | |
|-----|--|
| B15 | Capacidade para resolver problemas con iniciativa, toma de decisións, creatividade, razoamento crítico e de comunicar e transmitir coñecementos, habilidades e destrezas |
| C1 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C3 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse. |
| C5 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|--|---|------------------------------------|----------------------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| | Demostrar a súa capacidade para redactar e defender publicamente ante un tribunal de especialistas un traballo final de síntese de lecturas realizadas, de datos manexados e de experiencia profesional desenvolvida no ámbito do estudo das migracións internacionais. | AM6 AM8 AM10 AM11 | BM1 BM8 BM12 BM15 |
| Capacidade para a aprendizaxe autónoma continua. | AM1 AM7 AM9 | BM3 BM12 BM14 | CM3 |
| Capacidade de emitir unha valoración propia fundamentada, á vez que consciente das limitacións das que parte. | AM1 AM6 AM9 AM11 | BM3 BM12 | CM1 CM3 |
| Capacidade para comunicar os coñecementos adquiridos e as conclusións propias alcanzadas ante un público de expertos/as. | AM6 AM9 AM11 | BM3 BM8 BM12 BM14 BM15 | CM1 CM3 CM5 |

| Contidos | |
|----------|----------|
| Temas | Subtemas |



O obxectivo da memoria final o Mestrado en Migracións Internacionais é a realización e defensa pública dun traballo no que se desenvolva e demostre a capacidade para:

- Integrar os coñecementos adquiridos durante a etapa formativa e aplicalos sobre un tema ou problema central relacionado coas migracións internacionais.
- Emitir unha valoración propia e fundamentada sobre o tema central de estudo que reflexe as responsabilidades éticas e sociais implícitas.
- O desenvolvemento autónomo das habilidades críticas, analíticas e creativas do/a alumno/a e da súa capacidade para comunicar as súas ideas ante un público experto en migracións internacionais.

A memoria será realizada de forma individual, baixo a supervisión dun/ha titor/a asignado/a, e defendida polo/a alumno/a ante unha comisión de expertos/as designada anualmente pola Comisión Académica do Mestrado.

Cun valor de 10 créditos ECTS, ten carácter obrigatorio para a obtención do título.

Planificación

| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
|-------------------------|--|---|-------------------------|--------------|
| Presentación oral | A10 A11 B1 B3 B8 B12 B14 B15 C1 C3 C5 | 1 | 2 | 3 |
| Recensión bibliográfica | A1 A6 A7 A9 A10 B1 B3 B12 B14 | 0 | 50 | 50 |
| Saídas de campo | A8 A9 B1 B3 B8 B14 B15 C1 C3 C5 | 0 | 50 | 50 |
| Traballos tutelados | A1 A6 A7 A8 A9 A10 A11 B1 B3 B8 B12 B14 B15 C1 C3 C5 | 0 | 137 | 137 |
| Atención personalizada | | 10 | 0 | 10 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

| Metodoloxías | Descrición |
|-------------------------|--|
| Presentación oral | Preparación e realización dunha presentación para a defensa do TFM diante do tribunal. |
| Recensión bibliográfica | Lectura e síntese de textos para a elaboración do marco teórico do TFM. |
| Saídas de campo | Aínda que non é obrigatorio para todos os TFM, o estudiantado pode optar metodoloxicamente por realizar traballo de campo para a elaboración do seu TFM. |



| | |
|---------------------|---|
| Traballos tutelados | Realización y defensa pública de un trabajo escrito que desarrolle y demuestre los conocimientos adquiridos en el máster, aplicados a un tema concreto relacionado con las migraciones internacionales. Se trata de un trabajo individual, bajo la supervisión de un tutor asignado por la comisión académica del máster. Se le supone una inversión aproximada de 250 horas de trabajo por parte del alumno. |
|---------------------|---|

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---------------------|--|
| Traballos tutelados | Ao/á alumno/a asignaráselle un/ha titor/a que consultará sobre o desenvolvemento do seu traballo ao longo do curso. A valoración do/a titor/a sobre o método e a constancia do/a alumno/a será tida en conta polo tribunal. Na modalidade a distancia, o/a alumno/a poderá manter o contacto co/a seu/súa titor/a por vías telemáticas. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|---------------------|--|---|---------------|
| Traballos tutelados | A1 A6 A7 A8 A9 A10 A11 B1 B3 B8 B12 B14 B15 C1 C3 C5 | Realización y defensa pública de un trabajo escrito que desarrolle y demuestre los conocimientos adquiridos en el máster, aplicados a un tema concreto relacionado con las migraciones internacionales. Se trata de un trabajo individual, bajo la supervisión de un tutor asignado por la comisión académica del máster. Se le supone una inversión aproximada de 250 horas de trabajo por parte del alumno. Realización e defensa pública dun traballo escrito que desenvolva e demostre os coñecementos adquiridos no mestrado, aplicados a un tema concreto relacionado coas migracións internacionais. Trátase dun traballo individual, baixo a supervisión dun/ha titor/a asignado/a pola Comisión Académica do mestrado. Supónselle un investimento aproximado de 250 horas de traballo por parte do estudantado. | 100 |

Observacións avaliación



Segundo a normativa vixente da Universidade da Coruña, para ser avaliado/a do traballo fin de mestrado será necesario: 1) ter superados o resto de créditos do mestrado (asignaturas e período práctico) e 2) ter realizado a matrícula. A normativa específica do mestrado esixe, ademais, ter asignado un tema central ou título e un/ha titor/a.

Entre os criterios de avaliación da memoria, terase especialmente en conta:

Que se demostre o desenvolvemento das competencias, obxectivo da memoria final do mestrado. Isto é, que a memoria realizada e defendida reflexe os coñecementos adquiridos duante o período de formación, a capacidade do/a alumno/a para aplicar ditos coñecementos, a capacidade para fundamentar unha valoración propia e responsable, e o pensamento analítico e crítico no estudo das migracións internacionais.

Que a memoria reflexe unha dedicación por parte do/a alumno/a de polo menos 250 horas de traballo.

A valoración que mereceu por parte do/a titor/a.

A adecuada estruturación da información e a presentación, oral e escrita, do traballo.

Pertinencia e actualidade da bibliografía, documentación e fontes achegadas.

Concisión e utilización adecuada da linguaxe escrita.

Por outra banda, os traballos plaxiados, total ou parcialmente, merecerán o suspenso inmediato.

Os traballos terán que ser defendidos oralmente ante un tribunal de expertos/as, formado maioritariamente polo profesorado do mestrado.

Poranse a disposición medios telemáticos para acordar a defensa pública ante o mesmo tribunal dos/as alumnos/as matriculados/as

a distancia, no caso de que non puideran asistir persoalmente ás datas establecidas para a defensa presencial. Formarase un tribunal para a avaliación de todos/as os/as estudantes a distancia, cuxa composición seguirá os mesmos criterios que para a defensa presencial, sendo os criterios de avaliación do estudantado os publicados nas normas internas do MOMI.

O calendario de defensa pública e de convocatorias dispoñibles axústanse ás condicións que establece anualmente a Universidade da Coruña, para todas as titulacións de posgrao.

Fontes de información

| | |
|------------------------------------|---|
| Bibliografía básica | Agárdase que cada memoria requira da súa propia listaxe, extensa e específica, de fontes de información, que é un apartado avaliable. Por outra banda, tanto os /as alumnos/as da modalidade presencial como a distancia poderán acudir, voluntariamente, aos cursos de formación ofrecidos pola biblioteca da UDC sobre manexo de bases bibliográficas para a avaliación de teses. Este criterio é opcional para todos/as os/as alumnos/as e supón un complemento de 10 horas de curso formativo que cada ano é ofertado ao estudantado da UDC matriculado en terceiro ciclo. A asistencia ao mesmo non é necesaria para a presentación do TFM, pero se recomendará a opción a calquera tipo de matrícula. |
| Bibliografía complementaria | |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías